

«CUNETAS», OS impactantes versos de Luís Pimentel, rescatados nunha edición única

Alvarellos Editora reúne a serie de poemas que, baixo o título de «Cunetas», Luís Pimentel escribiu en 1947, inéditos durante toda a ditadura. A presente edición conta coa colaboración dos especialistas Claudio Rodríguez Fer e Xurxo Martínez González, e incorpora outros poemas do gran autor lugués de denuncia da represión franquista.

FICHA TÉCNICA: 62 pp. 14 x 21 cms
ISBN 978-84-18567-97-1. PAPEL FSC. PVP: 14,50 €


SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA DE 2026.- A serie de poemas «Cunetas», escrita en castelán e datada por Luís Pimentel en 1947, **denuncia a represión fascista na guerra civil**, polo que **permaneceu inédita** durante toda a ditadura. Só se publicaría de maneira independente en Madrid en 1981, nunha *plaquette* de 215 exemplares.

Agora, **Alvarellos Editora lanza unha singular edición** que reúne todas estes poemas xunto con outros dispersos de Pimentel da mesma temática de denuncia da represión franquista. Son once en total máis o poema apócrifo en galego «Cunetas».

Estamos diante duns versos de anguria e dor, do berro desesperado dun dos máis extraordinarios poetas que deu Galicia.

Colaboran nesta edición o filólogo **Claudio Rodríguez Fer** –que repasa a traxectoria poética de Pimentel e o significado destes versos–, e **Xurxo Martínez González**, que asina o Epílogo.

Rodríguez Fer define o verso de Pimentel como «exquisito e sensible», e a súa poética como «existencial, íntima, solidaria, política...». No Epílogo, **Xurxo Martínez González** afirma: «Eu, ao ler os poemas de Cunetas fago meu todo o sangue verquido pola liberdade do noso pobo e pola fraternidade de todos os esquecidos».



Luís Pimentel (Lugo, 1895-1958) foi un poeta extraordinario. O seu verso é urbano, vangardista, sobrio, sensible coa xente desamparada e vulnerable, devoto de Rosalía de Castro... Unha poesía que recibiu a influencia do modernismo hispánico, o simbolismo francés ou o grupo español do 27, tal e como nos explica, nas páxinas introdutorias, Claudio Rodríguez Fer. En vida só publicou un pequeno volume, *Triscos* (1950); postumamente aparecerían *Sombra do aire na herba* (1959) e *Barco sin luces* (1960), con prólogo de Dámaso Alonso. Exerceu a Medicina sen moita vocación, presente sempre nel a súa alta sensibilidade, e dos seus días no Hospital Provincial de Lugo xorde a excepcional serie poética «Diario de un médico de guardia». A súa obra dispersa e inédita sería reunida en 1981 por Araceli Herrero Figueroa. Nela aparecerá, por vez primeira, a serie titulada «Cunetas».



Para contactar cos colaboradores:
claudio.rodriguez.fer@gmail.com
xurxodorna@yahoo.es

